

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro                      | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------------------|----------|---------------|
| 36000326 | CEIP Plurilingüe Montemogos | Bueu     | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Ciencias Sociais            | 2º Pri. | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>                                                                                        | <b>Páxina</b> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| 1. Introducción                                                                                       | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas                                                                  | 5             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas                                                   | 6             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas                                                                        | 12            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos                                                                  | 13            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial                                                           | 14            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación                                                        | 14            |
| 6. Medidas de atención á diversidade                                                                  | 15            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais                                                            | 15            |
| 7.2. Actividades complementarias                                                                      | 16            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro | 17            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 17            |
| 9. Outros apartados                                                                                   | 18            |

## 1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2023/2024, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Ciencias Sociais do 2º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Está realizada para segundo nivel de Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Montemogos, Beluso (Bueu). O grupo ao que está destinada está formado por tres alumnas e cinco alumnos.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

A presente programación vaise desenvolver nun centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) situado na parroquia de Beluso, no Concello de Bueu, provincia de Pontevedra. Dito centro é de liña un. Por tal motivo, o centro está composto por un edificio con espazos diferenciados para as dúas etapas que nel se imparten.

O horario do centro é de xornada continua de 9:00 a 14:00. O centro conta con comedor e transporte escolar, seguindo as pautas facilitadas no Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación de servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia así como no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación.

En relación ao profesorado, cabe destacar que hai un total de 15 docentes, incluíndo ás profesoras de Educación Infantil, as profesoras de Educación Primaria, os especialistas e o equipo de orientación, é dicir, cóntase con: 3 mestras de Educación Infantil e unha mestra de apoio; 6 titoras de Educación Primaria (unha delas cumpre tamén a función de directora e outra de xefa de estudos), unha especialista de lingua inglesa que cumpre a función de secretaria, un especialista de música, unha especialista de educación física, un mestre de relixión compartido con outro centro, unha orientadora compartida con outro centro, unha mestra de Pedagogía Terapéutica e unha mestra de Audición e Linguaxe compartida tamén con outro centro.

En canto ao alumnado que forman parte deste centro, proceden na súa maioría de zonas próximas ao centro. Pertencen, así mesmo, a un grupo social de clase media. Trátase dun total de 113 alumnos e alumnas.

A lingua predominante nos/as alumnos/as é o castelán, sendo competencia do centro que ao final da etapa acaden as competencias en ámbalas dúas linguas oficiais.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

Traballarase de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia:

O bloque 1: Ciencia e tecnoloxía.

O bloque 2: O mundo e o desenvolvemento sostible.

O bloque 3: Vivir en sociedade.

O bloque 4: Leccións do pasado.

Con respecto ás características psicoevolutivas dos nenos e nenas a esta idade, o pensamento lóxico posee un maior desenvolvemento que na etapa da educación infantil, pero o alumnado non chega a poñerse no lugar do compañeiro/a. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase. As relacións sociais son cada vez máis abertas, deixando atrás o egocentrismo no que vivían na etapa anterior.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | CCL   | CP | STEM    | CD        | CPSAA | CC    | CE | CCEC |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|----|---------|-----------|-------|-------|----|------|
| OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.                                                                                                                                                                                                                                                 | 3     | 2  | 4       | 1-2-3-4-5 |       |       |    | 4    |
| OBX2 - Expór e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.                                                                                                                                                                                  | 1-2-3 |    | 2-4     | 1-2       |       | 4     |    |      |
| OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.                                                                                                                  |       |    | 1-2-4-5 | 1         |       | 4     | 1  | 1    |
| OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta. | 5     |    | 2-5     |           | 4     | 1-3-4 | 1  |      |
| OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.                                                                                                                                                                                | 3     |    | 4       |           | 4     | 1-3   | 2  | 1    |
| OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.                                                                                                                                 |       | 3  |         |           | 3     | 1-2-3 |    | 1    |

| Obxectivos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC    | CE | CCEC |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|----|------|----|-------|-------|----|------|
| OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. | 5   |    |      |    | 1     | 1-2-3 |    | 1    |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título               | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | A auga que nos rodea | Nesta primeira UD do curso, entre outros aspectos trataremos as propiedades da auga e a súa distribución no noso planeta, os estados da auga, o ciclo da auga e os seus usos cotiáns.                                                                                                                       | 20             | 20         | X        |          |          |
| 2  | Que tempo vai?       | Traballaremos aspectos relacionados coa importancia do aire para os seres vivos, as características da atmosfera, os fenómenos atmosféricos, a orientación espacial, os puntos cardinais e aprenderémolle ao alumnado a evitar a contaminación do aire, da auga e do chan, a través do coidado da natureza. | 15             | 18         | X        |          |          |
| 3  | Praia ou montaña?    | Turno para traballar os diferentes tipos de paisaxes, os elementos naturais e humanos da contorna, a diversidade e clasificación de rochas e minerais e a transformación da paisaxe ao longo do tempo polas actividades humanas.                                                                            | 20             | 18         |          | X        |          |
| 4  | O lugar onde vivo    | Analizaremos a nosa localidade, a través dos costumes, da forma de vida, da organización social, do concello e dos servizos públicos. Tamén traballaremos as manifestacións culturais populares, a seguridade viaria e aprenderemos a valorar e respectar o patrimonio cultural.                            | 15             | 17         |          | X        |          |
| 5  | Cita médica          | Trataremos os contidos relacionados coas diferentes profesións, distinguindo os traballos na natureza, os traballos nas fábricas e os traballos que prestan servizos.                                                                                                                                       | 15             | 16         |          |          | X        |

| UD | Título                | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 5  | Cita médica           | Tamén veremos a importancia dos medios de comunicación e da publicidade.                                                                                                                                                                                                                                                                   | 15             | 16         |          |          | X        |
| 6  | Unha viaxe polo tempo | Os principais contidos a tratar ao longo desta UD son as unidades de medida de tempo, as etapas da Historia e os principais personaxes e inventos da historia. Fomentaremos a actitude de coidado e conservación dos restos do pasado, xunto co recoñecemento das obras máis representativas do patrimonio histórico da propia localidade. | 15             | 16         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD         | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 1  | A auga que nos rodea | 20       |

| Criterios de avaliación                                                                                                                                                                                                                                                                          | Mínimos de consecución                                                                                    | IA | %  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|----|
| CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.                                                                                                                     | Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.              | PE | 20 |
| CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.                                                                                                                                                                             | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.                                           | TI | 80 |
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.                                                                                    | Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.                                             |    |    |
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.                                                                                 | Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación. |    |    |
| CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga. | Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.          |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos                                                                     |
|------------------------------------------------------------------------------|
| - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. |

## Contidos

- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.
- Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet.
- A Terra no universo. Elementos, movementos e dinámicas relacionados coa Terra e o universo e as súas consecuencias na vida diaria e na contorna. Secuencias temporais e cambios estacionais.

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|----------------|----------|
| 2  | Que tempo vai? | 18       |

| Criterios de avaliación                                                                                                                                                                                                                                                                          | Mínimos de consecución                                                                                    | IA | %  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|----|
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.                                                                                 | Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación. | PE | 30 |
| CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga. | Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.          |    |    |
| CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.                                                                                                                                                                            | Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.                                                               | TI | 70 |
| CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.                                                                                                                                                                             | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.                                           |    |    |
| CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.                                                                                                                       | Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.                        |    |    |
| CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.                                                            | Participa en experimentos guiados e pautados.                                                             |    |    |
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.                                                                                    | Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.                                             |    |    |
| CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.                                                                                                                     | Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.              |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).
- Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.
- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.
- Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet.
- Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación.
- Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima.
- Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns.
- Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica

| UD | Título da UD      | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 3  | Praia ou montaña? | 18       |

| Criterios de avaliación                                                                                                                                                                                                                                                                          | Mínimos de consecución                                                                                    | IA | %  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|----|
| CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga. | Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.          | PE | 30 |
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.                                                                                    | Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.                                             | TI | 70 |
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.                                                                                 | Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación. |    |    |
| CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.                                                                                                                     | Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.              |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.
- Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns.

| UD | Título da UD      | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 4  | O lugar onde vivo | 17       |

| Criterios de avaliación                                                                                                                                                                                                                                                                    | Mínimos de consecución                                                                 | IA | %  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------|----|----|
| CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.                                                                                                                                                                   | Identificar institucións próximas que realizan funcións a favor dunha boa convivencia. | PE | 25 |
| CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta. | Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos.   |    |    |
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.                                                                              | Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.                          | TI | 75 |
| CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.                                                                                                                                                                       | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.                         |    |    |
| CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.                                                                                       | Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.               |    |    |
| CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.                                                                                                                                                 | Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.       |    |    |
| CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.                                                                                                                                                                                | Respecta o patrimonio natural e cultural.                                              |    |    |
| CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.                                                                                                                                                               | Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.                    |    |    |
| CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.                                                                                                                                                  | Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.                       |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

## Contidos

- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.
- Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura de paz e non violencia.
- A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.
- A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero.
- Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.
- O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Toma de conciencia do paso do tempo ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna.
- As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 5  | Cita médica  | 16       |

| Criterios de avaliación                                                                                                                                                                                       | Mínimos de consecución                                                           | IA | %  |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------|----|----|
| CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.          | Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.         | PE | 30 |
| CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.                                                                                         | Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.                                      | TI | 70 |
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. | Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.                    |    |    |
| CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.                                                                    | Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas. |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha

## Contidos

- perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan.
- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.
- Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías.

| UD | Título da UD          | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 6  | Unha viaxe polo tempo | 16       |

| Criterios de avaliación                                                                                                                                                                                                                                                                    | Mínimos de consecución                                                                      | IA | %  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----|----|
| CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.                                                                                                                                                               | Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.                         | PE | 40 |
| CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.                                                                                                                                                  | Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado. |    |    |
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.                                                                              | Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.                               | TI | 60 |
| CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.                                                                                                                                                                       | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.                              |    |    |
| CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.                                                                                       | Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna.                     |    |    |
| CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta. | Coñecer normas básicas como peóns.                                                          |    |    |
| CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.                                                                                                                                                                                | Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural.                         |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

## Contidos

- Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan.
- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.
- O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Toma de conciencia do paso do tempo ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna.
- As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía en educación primaria debe acercar o proceso de ensinanza/aprendizaxe aos contextos reais do alumnado. No caso das metodoloxías activas a súa fortaleza reside, principalmente, no seu atractivo para o alumnado, na súa fácil combinación entre elas, na utilización das novas tecnoloxías como recurso, na toma de conciencia e reflexión co entorno, na colaboración con outros axentes, na aprendizaxe autónoma, na flexibilidade e versatilidade e, sobre todo, no axuste co desenvolvemento competencial do alumnado.

A metodoloxía activa parte dunha serie de principios metodolóxicos e utiliza unha serie de estratexias que pretenden como obxectivo fundamental que os alumnos/as aprendan dunha maneira autónoma e se desenvolvan en todas as facetas da súa personalidade.

Na educación primaria a metodoloxía debe ser activa, participativa e flexible, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo en equipo.

O alumno/a é protagonista activo/a nesta programación; investiga, descubre, manipula, participa, cuestiona e responde.

As liñas metodolóxicas da programación son as seguintes:

-A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que calquera actividade realizada polos nenos e nenas pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade, de atención. Así pois, a perspectiva globalizadora do proxecto, a través do que chamamos situacións de aprendizaxe, interrelaciona as distintas áreas para organizar e articular os coñecementos con sentido e intencionalidade en contextos que permitan a súa significatividade, provocando a entrada en xogo de todos os mecanismos da personalidade do neno e nena.

- A aprendizaxe significativa: refírese á posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que hai que aprender (o novo contido) e o que sabe (os seus coñecementos previos). Todo novo coñecemento ten de partir das experiencias previas dos alumnos e alumnas. Para lograr estas aprendizaxes comezaremos cada unidade didáctica cunha avaliación inicial, para saber os seus coñecementos previos e, sobre eles, construír os novos.

- Ensinanza individualizada: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada un dos nosos alumnos e alumnas. A atención individualizada considera as características e diferenzas persoais pulando pola atención ás necesidades proporcionando atención personalizada favorecendo o principio de igualdade e equidade.

- A afectividade: a seguridade que lles da o sentirse queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de si mesmos. Propoñemos que a relación entre o profesorado e o alumnado se realice dentro dun ambiente democrático, con relacións de comprensión, amor, aceptación, confianza mutua e respecto.

-A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que atopen momentos para agruparse cos seus iguais, compartir o material e sentir o apoio dos «outros» que lle axudarán a socializarse e comunicarse.

Estas situacións de aprendizaxe apóianse, na maioría dos casos, no xogo por consideralo un elemento básico e primordial para o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación, a personalidade e ser o recurso metodolóxico por excelencia no traballo cos nenos e nenas desta idade.

A través do xogo, coñece o comportamento dos adultos e as normas sociais. Tamén contribúe ao desenvolvemento da socialización e a comunicación as actividades propostas nos recunchos, obradoiros e saídas.

- A autonomía e autoxestión: sendo este o protagonista das súas propias aprendizaxes considerando como importante o proceso e non só o resultado.

- Aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e a sociedade nun pulo pola convivencia, a paz e a inclusión.

- A manipulación: considerando o traballo manipulativo determinante para a o correcto paso entre os conceptos concretos e os abstractos e fundamental para vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade. Favorecerase en todo caso que o material cumpra o requisito de ser accesible.

- A liberdade e a creatividade: que favorecen os coñecementos potencialmente significativos e funcionais, potencian a autonomía e a produción persoal.

- A coeducación: considerando a actividade de todo xénero en detrimento de actividades asignadas ao xénero e en prol da ruptura de estereotipos.

- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumnado é o verdadeiro protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o noso obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.

- Aprendizaxe baseada na investigación na resolución de problemas e descubrimentos: os alumnos aprenden a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións e reflexionar sobre os seus achados. Serán actividades de investigación que permitan elaborar hipótese, sacar conclusións e reforzar as aprendizaxes máis instrumentais, favorecendo o pensamento crítico e o pensamento científico.

- Aprendizaxe baseada en proxectos: resolvendo situacións, retos ou respondendo a preguntas, a través dos seus coñecementos, recursos, investigación, reflexión e cooperación activa.

- As medidas metodolóxicas rexiranse por principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionando diversas opcións didácticas para que os alumnos/as se transformen en persoas que aprenden a aprender e estén motivados pola súa aprendizaxe e, por tanto, que estean preparados para continuar aprendendo durante as súas vidas. Desta maneira, fomentaranse procesos pedagóxicos que sexan accesibles para todos mediante un currículo flexible que se axusta ás necesidades e diferentes ritmos de aprendizaxe.

- Aprendizaxe baseada en retos: involucrando activamente ao alumnado nunha situación problemática real, relevante e de vinculación co entorno, a cal implica a definición dun reto e implementar para este unha solución.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación          |
|-----------------------|
| Recursos persoais     |
| Recursos materiais    |
| Recursos tecnolóxicos |
| Recursos dixitais     |
| Recursos espaciais    |

**RECURSOS PERSOAIS:** formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo diario. Entre

os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), maquetas, láminas de apoio visual, libros de consulta, globo terráqueo, ...

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets,...

**RECURSOS DIXITAIS:** aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade, kahoot para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, así como os diversos espazos da contorna.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación, levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>20</b> | <b>15</b> | <b>20</b> | <b>15</b> | <b>15</b> | <b>15</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 20        | 30        | 30        | 25        | 30        | 40        | <b>29</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 80        | 70        | 70        | 75        | 70        | 60        | <b>71</b>  |

#### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación destacan:

- Observación directa da actitude e do comportamento do alumno/a a nivel individual e grupal.
- Traballo diario nos libros e libretas.
- Probas escritas para coñecer o grao de adquisición dos coñecementos.

Como instrumentos de avaliación empregaranse a observación directa, as rúbricas, as listas de control, o traballo cooperativo, a realización de tarefas individuais, a presentación, a orde, a limpeza ...

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta o seguinte:

Probas escritas: 40%.

Traballo diario nos libros e libretas, actitude e comportamento: 60%.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

#### Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é un factor inherente a calquera grupo-clase. Cada alumno/a é diferente e estas diferenzas son consecuencia de diversos factores: capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, etc.

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe.

**MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:**

- En primeiro lugar realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada nena/o. Os resultados desa avaliación serán o punto de partida para o traballo e terase en conta o progreso de cada nena/o e non só os seus resultados de aprendizaxe.
- Atenderemos ao principio de INDIVIDUALIZACIÓN no ensino, adaptándonos a cada neno/a e propoñendo actividades que se adapten a distintos niveis.
- Atenderemos ao principio de INCLUSIÓN educativa, promovendo e buscando a inclusión de todo o alumnado. Para conseguir este fin incorporaranse metodoloxías como o traballo cooperativo en grupos heteroxéneos.
- Facilitando espazos e estratexias de participación para todas as alumnas e alumnos.
- Realizaranse actividades de REFORZO e AMPLIACIÓN cando sexa preciso.

**MEDIDAS PARA ATENDER AS NEAE:**

Enténdese por alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

A atención das NEAE levarase a cabo de forma coordinada con todo o profesorado que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Priorizaranse as seguintes medidas:

- Adaptacións metodolóxicas.
- Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación.
- Colaboración co profesorado do grupo, especialmente o profesorado tutor.
- Reforzo educativo.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|                                                        | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--------------------------------------------------------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita. | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Comunicación audiovisual e competencia dixital. | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Fomento da creatividade.                        | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

|                                                                                                                                                        | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------|------|------|------|------|------|
| ET.4 - Emprendemento.                                                                                                                                  | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres.                                                                                                               | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos.                                                                           | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sustentable.                                                                             | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - Igualdade e non discriminación por calquera motivo (raza, discapacidade, orientación sexual, identidade de xénero, nivel de competencia, etc.). | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - O traballo en equipo, confianza nun mesmo.                                                                                                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - Educación emocional.                                                                                                                           | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.11 - Educación para a saúde.                                                                                                                        | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.12 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.                                                                                                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

#### Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade          | Descrición                                                                                                                                              | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|----------|----------|
| Saídas culturais.   | Visita a un museo, exposicións,...                                                                                                                      | X        | X        | X        |
| Saídas á contorna.  | Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.                                                                                                       | X        | X        | X        |
| Charlas formativas. | Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais ou outras institucións.                                                                            | X        | X        | X        |
| Obradoiros.         | Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios,...                                                                               | X        | X        | X        |
| Conmemoracións.     | Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller,... | X        | X        | X        |

#### Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro                                                                                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico         |
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.                                         |
| Adecuación á temporalización das unidades didácticas.                                                  |
| Metodoloxía empregada                                                                                  |
| Participación activa de todo o alumnado.                                                               |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.                 |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.                                                  |
| Medidas de atención á diversidade                                                                      |
| Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades. |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.                                   |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais                   |
| Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.                                    |

#### Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomaremos as medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final.

Ademais, realizarase un seguimento trimestral da programación. Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo. Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Os aspectos susceptibles de análise serán os formulados no apartado 8.1. para a avaliación do proceso de ensinanza

e a práctica docente, os resultados obtidos polo alumnado e calquera outro que poidan requirir as administracións.

## **9. Outros apartados**